



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

CONCURSO DE POSTOS DA "XXX EDICIÓN DA FESTA DO CALDO DE ÓSOS 2022"

OBXECTO.- Ten por obxecto o presente concurso premiar a posta en escena, a orixinalidade e a imaxe comercial, dos postos que se instalen na zona da festa do Caldo de Ósos de 2022.

PARTICIPANTES.- Serán participantes todos os postos de Produtos que se instalen na Festa do Caldo de Ósos na zona habilitada ao efecto na Praza de Riazón de Taboada e arredores.

CRITERIOS A TER EN CONTA NO CONCURSO.- Os criterios que rexen o presente concurso de postos son os seguintes:

- Posta en escena, incluíndo a vestimenta das persoas encargadas do posto, gardando relación a exposición do produto exposto coas características da zona territorial, ata un máximo de 10 puntos.
- Orixinalidade: terase en conta a circunstancia de que os postos destaquen entre os demais, sendo diferentes do resto, ata un máximo de 10 puntos.
- Imaxe comercial: terase en conta a presentación do produto no correspondente posto e a súa expedición ao consumidor, ata un máximo de 5 puntos.

DATA DA VALORACIÓN DO CONCURSO.- O concurso VALORARASE na mañá do Domingo día 3 de abril de 2022, con carácter previo ao Pregón habitual.

ENTREGA DE PREMIOS.- Os premios serán entregados a continuación do Pregón habitual.

TRIBUNAL.- O Tribunal será designado polo señor Alcalde na mesma mañá do Domingo día 3 de abril de 2022, e será designado entre os asistentes á Festa do Caldo de Ósos que se atopen na Praza de Riazón, non podendo ter relación con ningunha persoa que expoña produtos na Festa.

Estará composto por 4 membros:

- 1 asistente (Presidente)
- 1 asistente(vocal)
- 1 asistente(vocal)
- Secretario, que será o do Concello ou persoa en quen delegue. (con voz e sen voto)

PREMIOS.- Os premios serán o resultado do acordo unánime de todos os membros do Tribunal. No caso contrario, poderá declararse deserto o concurso.

Os premios son os seguintes:





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- 1º premio: 200 euros.
- 2º premio: 100 euros.
- 3 accesits de 50 euros cada un.

Taboada a 28 de marzo de 2022.
O Alcalde

Ramiro Moure Ansoar

